

## **NOTA DE PRENSA SOBRE O DESMANTELAMENTO DO CARGADEIRO COTO WAGNER POR PARTE DA AUTORIDADE PORTUARIA DE VIGO**

Dende a Asociación Rande Patrimonio Europeo (ARPE) escoitamos con especial interese e preocupación a vontade da Autoridade Portuaria de Vigo (en diante APV) de desmantelar o Cargadoiro Coto Wagner de Rande, un ben que forma parte do Territorio Histórico (como así o consideramos) de Rande. A noticia de que a APV lle enviou unha solicitude de desmantelamento do Cargadoiro ao Ministerio de Cultura, Subdirección Xeral de Protección do Patrimonio Histórico, chéganos a través de informacións dende o Concello de Redondela. Descoñecemos o contido completo do expediente. O que sabemos é que o que se fixo por parte da APV é unha solicitude para desmantelar o ben cultural por estar en estado de ruína e presentan dous informes sobre o estado de conservación do elemento, obtidos de forma visual.

A APV quere declarar o monumento en ruína e proceder ao seu desmantelamento por causas de perigo físico (caída de obxectos e partes da edificación en mal estado) e perigo para a saúde (por suposta existencia de amianto no edificio, imaxinamos que un tellado de vella uralita). Consideramos que non é casual que desde a APV utilicen os dous argumentos que a Lei de patrimonio dispón para a declaración de ruína dun ben patrimonial.

Consideramos que a declaración de ruína do Cargadoiro en cuestión, por parte da APV, para poder desmantelalo, responde a uns intereses económicos e a outras vontades de actividade diferentes ao interese xeral de conservación do noso Patrimonio Cultural. Concretamente, e a dicir polas declaracións que levamos varios meses lendo nos medios de comunicación, sorprendeunos a vontade de facer en Rande (no espazo ocupado polo cargadoiro) unha zona de ataque para barcos inservibles que, ben por estar metidos en preitos xudiciais e pendentos de sentenzas ou por estar avariados e varados no porto destinados ao despezamento, precisan desaloxar do porto para ordenar mellor o espazo. Este interese da APV evolucionou nas noticias transmitidas polos xornais, porque máis adiante mostra a vontade de implantar unha terminal de contedores (agora as mensaxes nos xornais falan máis de conxeladores, nunha deriva que indica os diferentes bandazos por parte da actual xestión do porto sobre o uso definitivo do lugar de Rande) na explanada lindeira co cargadoiro.

O apoio social de Redondela cara á conservación do Cargadoiro Coto Wagner é unánime, o seu Pleno Municipal por unanimidade de todos os grupos políticos representantes (entre os que se atopa todo o abano ideolóxico do país: PSOE, PP, AER, a Agrupación de Electores de Redondela (AER) e BNG) aprobou anteriormente solicitarlle á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural (DXPC) a Declaración de BIC do Lugar de Rande (no que se inclúe o Cargadoiro Coto Wagner). Esta decisión plenaria derivou na resolución da alcaldía do 7 de febreiro de 2013 (a Xunta de Galicia finalmente non chegou a incoar o procedemento de declaración de BIC).

Neste intre somos partícipes da solicitude dunha nova declaración, xa que presentamos unha moción para que o Pleno do Concello de Redondela solicite de novo a declaración de BIC, como Territorio Histórico, así como o de Selo de Patrimonio Europeo á Xunta de Galicia, nun novo Pleno que se celebrou o día 28 do pasado mes de maio de 2020. A moción de solicitude de BIC para Rande aprobouse de novo de forma unánime por todo o Pleno do Concello de Redondela e realizarase en breve á DXPC.

Por outra banda conseguimos o apoio de diferentes entidades e asociacións que amosan a súa preocupación e rexeitamento polo desmantelamento do cargadoiro e solicitan a procura doutras alternativas para a súa conservación.

Polo de agora xa se puxeron en contacto con nós, e se pronunciaron por escrito, as seguintes entidades:

- Asociación Deportiva e Cultural de Rande, asociación promotora da creación do MEIRANDE na Fábrica do Alemán.
- Asociación de Veciños San Bernardo de Cedeira, parroquia onde se localiza o Cargadoiro.
- Asociación de Veciños de Chapela (barrio lindeiro polo sur co de Cedeira, moi preto do límite onde se atopa o cargadoiro).
- INCUNA Industria, Cultura, Natureza, asociación declarada de Utilidade Pública polo Goberno de España no ano 2011, que ten entre os seus obxectivos e actividades a defensa, conservación, valorización do patrimonio industrial.
- Instituto de Estudos Vigueses, unha das institucións culturais máis relevantes de ría e a cidade de Vigo.
- Asociación Amigos dos Museos de Galicia, que compendia numerosas asociacións de amigos dos museos da nosa Comunidade.
- Associació do Museu de Ciència i da Tècnica i d'Arqueologia Industrial de Catalunya, asociación declarada de Utilidade Pública polo Goberno de España, fundada no ano 1979, que ten entre os seus obxectivos e actividades a defensa, conservación e valorización do patrimonio industrial.
- Galicia Máxica, promotora do turismo e do Patrimonio Cultural de Galicia.
- Asociación ARGA, encargada de divulgar as arquitecturas singulares de Galicia.
- Grupo de Arqueoloxía "Alfredo García Alén", con ampla traxectoria en temas asociados coa arqueoloxía e o patrimonio cultural de tipo marítimo.
- A "Asociación para a defensa do Patrimonio Cultural Galego", cunha dilatada traxectoria de apoio ao Patrimonio Cultural de Galicia.
- A Rede do Patrimonio Cultural de Galicia, un colectivo integrado por 106 entidades de longa traxectoria na defensa do Patrimonio Cultural Galego.

E os máis importantes a nivel legal, por considerarse órganos consultivos da Xunta de Galicia no que atinxe a patrimonio cultural:

- O Museo do Pobo Galego, recoñecido pola Xunta de Galicia como centro sintetizador de todos os museos e coleccións, integrado no sistema galego de museos dedicados ao estudo, promoción e difusión do patrimonio histórico-antropológico de Galicia (Decreto 111/1993 do 22 de maio).
- Real Academia Galega de Belas Artes de Galicia, órgano consultivo da Xunta de Galicia no que respecta a patrimonio cultural, segundo o indica a Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, artigo 7.3
- Universidade de Santiago de Compostela, Departamento de Historia, órgano consultivo da Xunta de Galicia no que respecta a patrimonio cultural, segundo o indica a Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, artigo 7.3.

Temos máis apoios de palabra doutras institucións, pero a causa da crise do coronavirus e o confinamento, tardan en dar un apoio legal asinado polos membros dos seus órganos de xestión, plenos e/ou asembleas.

O lugar de Rande, en Redondela, na enseada de San Simón da Ría de Vigo, cumpre cos requisitos e características que o fan digno da categoría de Ben de Interese Cultural (BIC) como Sitio ou Territorio Histórico. Xa que é un espazo de especial importancia histórica asociado con acontecementos que se desenvolveron desde a época moderna ata a contemporánea, deixando importantes pegadas en forma de inmobles monumentais, destacados pola súa carga histórica ou polas súas dimensións e morfoloxías estruturais, así como por un importantísimo xacemento arqueolóxico subacuático representado por máis de 25 galeóns afundidos nas súas augas como consecuencia da Batalla de Rande. Consideramos ademais que este devir histórico, reflectido no lugar de Rande en forma de paisaxe cultural, pode resultar paradigmático do sistema económico e da historia recente de Rías Baixas Galegas.

Consideramos un disparate e solicitámoslle á APV que cese no seu empeño de dismantelar o cargadoiro, que é, entre outras cousas, un recurso social e económico para a nosa ría.

#### O TESOURO DE RANDE

En realidade, o Tesouro de Rande non está perdido no lodo da ría, percíbese na toma de conciencia colectiva e no movemento social que trata de preservar o lugar histórico, os imponentes restos de arquitectura en terra firme e o xacemento arqueolóxico subacuático dos galeóns de Rande.

Na nosa época, a Batalla de Rande, o agora marabilloso sitio da contenda, os seus restos, literatura e lendas son patrimonio da Europa dos pobos. A súa conservación e defensa é un exercicio de Humanismo do S. XXI.

Xurxo Constela Doce,  
Presidente de ARPE